



CIRCULAR INFORMATIVA 7/2018

1. XORNADA: “NOVIDADES XURISPRUDENCIAIS SOBRE CONDICIÓNS XERAIS DE CONTRATACIÓN (CLÁUSULAS CHAN, CLÁUSULAS ABUSIVAS E GASTOS)”

A Comisión de Cláusulas Chan do Colexio, na súa primeira sesión de traballo, acordou a organización de xornadas encamiñadas a estudar os criterios aplicados polos catro xulgados especializados en materia de cláusulas chan en Galicia. Na primeira delas, programada para o vindeiro 29 de maio, **intervirá como relatora a maxistrada do Xulgado de Primeira Instancia Núm. 4 de Ourense.**

Día: 29 de maio

Hora: 18.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relatora: D^a Eva Martínez Gallego (maxistrada do Xulgado de 1^a Instancia Núm. 4 de Ourense)

Custo: gratuíta para colexiados/as ICAS; 50 € para demais persoas interesadas

Inscripción: no teléfono 981 581 713

2. GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS DO ABOGADO E ABOGADA DA MULLER VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

A Subcomisión de Violencia Sobre a Muller do Consello Xeral da Avogacía Española publicou a *Guía de buenas prácticas del abogado y abogada de la mujer víctima de violencia de género* e remitiulle a este Colexio unha tirada de 60 exemplares. Estas guías en edición papel serán repartidas de forma gratuíta entre os letrados e as letradas que forman parte da quenda específica de violencia de xénero, que poderán recollelas directamente na secretaría do colexio. Así mesmo, dende a páxina web colexial tamén se poderá descargar unha versión PDF desta guía, que estará dispoñible no seguinte enlace:

https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/2018/05/guia_buenas_practicas.pdf

3. OFERTA FINANCEIRA DE ABANCA PARA COBERTURAS DE LIQUIDEZ

O Colexio pon a disposición de todos os colexiados e colexiadas unha nova oferta financeira presentada por Abanca. Mediante o protocolo de colaboración asinado, esta entidade bancaria ofrece a contratación, en condicións preferentes, dunha liña de crédito para dar cobertura de liquidez en caso de descensos temporais de facturación. Esta oferta de crédito, instrumentada a través da Póliza LEX, inclúe as seguintes condicións:



CIRCULAR INFORMATIVA 7/2018

Tipo de xuro: 2,75 %

TAE: 2,82 %

Importe: mínimo de 3.000 € / máximo de 10.000 €

Prazo: 6 meses

Liquidación: trimestral

Comisións e gastos:

- Apertura: 0 %
- Estudo: 0 %
- Com. non dispoñibilidade: 0 %
- Saldo maior excedido: 4,50 % (mínimo 15)

Prazo de comercialización: ata o 15 de xuño de 2018

Os colexiados e colexiadas interesadas nesta oferta poderán contactar directamente coa oficina de Abanca da rúa do Hórreo, 19, a través do teléfono 981 564 091.